

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Anuncio do extracto da convocatoria para a selección de 1 mestre/a da área profesional de albanelería e acabados para o obradoiro de emprego “Reserva de Biosfera: Emprego Verde IV”*

##### ANUNCIO

Comunícase que por medio do decreto da Alcaldía do 15/05/2025 (TEDEC: 2024/A008/000022- 2025/G003/000287) aprobáronse as bases de selección de 1 mestre/a para impartir no obradoiro dual de emprego “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV” (Expte 15/0020/2024) as seguintes especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados”:

- “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)
- “Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)

Támén se aprobou a **convocatoria para a selección de 1 mestre/a** deste obradoiro de emprego para impartir ata ao remate deste programa (15/09/2025) as anteditas especialidades formativas de nivel 1, que se fai **pública** mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

Concretamente, ábrese un proceso selectivo específico por concurso-oposición para o nomeamento/contratación da persoa que cubrirá a seguinte **praza**:

1 mestre/a para impartir as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados”, que son:

- “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)
- “Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)

As bases da convocatoria pódense consultar tanto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo ([sede.abegondo.gal](https://sede.abegondo.gal)), accesible a través de web municipal ([abegondo.gal](https://abegondo.gal)), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos, da Coruña- Monelos e da Coruña-Tornos.

O **prazo** para presentar as instancias coas solicitudes para participar no proceso selectivo será de **5 días hábiles** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 15 de maio de 2025

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2025/3110